



## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA DEZASETE DE ABRIL DE 2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA.  
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do día 17 de abril de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D<sup>a</sup>. Maria Isabel Rodríguez López D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarmea Mendez. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10-04-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 10 de abril de 2017.

### **2.- PROPOSTAS DE GASTOS**

---

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

## Concello de Viveiro

---

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 2069/2017.- EXPTE. 2144/2017.- EXPTE. 2284/2017.- EXPTE. 2409/2017.- EXPTE. 2410/2017.- EXPTE. 2411/2017.- EXPTE. 2418/2017.- EXPTE.- 2419/2017.- EXPTE. 2421/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **3.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 2447/2017.**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 2447/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcadesa levántase a sesión, sendo as 14:45 horas do día 17 de abril de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.